



Cando o próximo verán os veciños e turistas de Nigrán queiran quitarse a area ou o salitre nos ducheros da praia, deberán contar cunha tarxeta magnética de pago que expenderán as oficinas de turismo local. A medida foi anunciada este martes no marco dun convenio coa Xunta de Galicia que toma a Nigrán como cabeceira dun proxecto de "aforro da auga" que pretende reducir ata nun 60% o consumo do sistema público instalado nas praias do municipio. O Concello de Nigrán adianta que as tarxetas terán "un valor simbólico".

Cando o bañista queira facer uso do servizo público de ducheros deberá inserir unha tarxeta de proximidade nun controlador que habilitará o funcionamento do roceador. Feito isto, o aparello permitirá gozar dun chorro de auga e unha pantalla alertará ao usuario do saldo de tempo co que conta. A medida alentarán o aforro e un uso estimado de entre 20 e 30 segundos que é o que "*realmente se necesita para eliminar la arena y el salitre*", en opinión do alcalde Alberto Valverde.

A iniciativa foi defendida polo rexedor pola necesidade de aforrar o líquido vital "*un bien que no siempre es valorado como debiera*". Nese senso salientou que este "*control inteligente*"

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 16 Xaneiro 2013 00:50

", evitará que a "
agua siga fluyendo de forma innecesaria
" e privará a utilización da mesma "
como instrumento de juego
".

Ao introducir o dispositivo " *Automáticamente, el agua saldrá del rociador, y dejará de hacerlo al retirar la tarjeta. Una pantalla informará al usuario del saldo en segundos que le resta a la tarjeta* " informou.

Os puntos de recarga das tarxetas estableceranse nas oficinas de turismo de Patos e Panxón e nas instalacións do Concello "*con un coste que será meramente simbólico y que ayude en la concienciación de un adecuado uso de un recurso tan caro y valorado como es el agua*" afirmou Valverde.